

Estimados/as compañeiros/as:

Como directora do Grupo de Traballo de Química durante o curso 2017-2018, e no nome de todo o Grupo, pñoñome en contacto con vos para saudaros neste novo curso.

Dado que no curso 2016-2017 o Grupo de Química xa adaptou o modelo de exame a nova normativa que rixe as probas ABAU, este ano 2017-2018 mantéñense os mesmos contidos, a mesma estrutura (*dúas opcións, cada unha delas con dúas cuestións, dous problemas e unha pregunta relativa ás prácticas de laboratorio*) e os mesmos criterios xerais de corrección utilizados no curso pasado.

Na páxina web da CiUG do Grupo de Química (<http://ciug.gal/grupos/quimica.php>) poderedes atopar para as ABAU 2018:

- Orientacións xerais.
- Modelos de exame e de táboa periódica. É importante recordarlle aos alumnos que os datos para a resolución das cuestións y/ou problemas, das dúas opcións do exame, atópanse na parte inferior do mesmo nun recuadro.
- Criterios xerais de corrección que deben ter claros os alumnos na realización das probas (insistir en que as cuestións teóricas deben razoarse).
- Indicacións sobre a formulación, entendida como de mínimos de cara as probas ABAU.
- Libro de prácticas que elaborou o Grupo de Traballo hai uns anos no que atoparedes, cun fin orientativo, a maioría (pero non todas) as prácticas recollidas nas orientacións.
- Resumo da valoración dos resultados das probas de acceso de xuño e setembro 2017, obtidos a través das enquisas respostadas polos correctores da materia. Neste resumo tamén se indican os erros máis comúns cometidos polos alumnos nas respostas ás preguntas, constatándose que se seguen detectando os mesmos erros ano tras ano.
- Exames e solucións doutras convocatorias.

Unha vez máis, quedamos á vosa disposición para calquera consulta, aclaración ou suxerencia.

Recibide un cordial saúdo,

O Grupo de Traballo

Elia Alonso Rodríguez  
Departamento de Química  
Escuela Universitaria Politécnica  
Universidade de A Coruña  
Tf: 881013053 / 881012201 e-mail: [elia.alonso@udc.es](mailto:elia.alonso@udc.es)